

OBRADOIRO

SALVAR UNHA VIDA É COUSA DE TODOS: DA ENSEÑANZA DAS MANOBRAS BÁSICAS DE RCP, NA ESO E BACHALERATO, Á CONSIDERACIÓN DE “CENTRO CARDIOPROTEXIDO”.

CANTALAPIEDRA ÁLVAREZ, SONIA CARMEN
SÁNCHEZ OURO, BERNARDO
IES Xograr Afonso Gómez de Sarria

Búscase, con este obradoiro, dar a coñecer a experiencia vivida no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria, no que o profesorado de Educación Física imparte desde hai anos, dentro da programación da súa materia, o Soporte Vital Básico e o uso de Desfibriladores Semiautomáticos Externos como contidos de aprendizaxe. O compromiso e sensibilidade existente no IES Xograr Afonso con este tema reflíctese, en decembro de 2013, cando adquire un Desfibrilador Semiautomático Externo e implementa un programa de formación entre o persoal do centro, no que participan máis de 50 persoas entre docentes, administrativos, conserxes e persoal da limpeza e comedor.

Neste contexto, o Congreso Enciga 2015 representa unha extraordinaria oportunidade para rachar cos medos e prexuízos existentes acerca da capacidade de actuación das persoas alleas ao ámbito sanitario ante unha parada cardio-respiratoria. Pretende, ademais, servir de acicate para que profesorado doutros centros da nosa comunidade se sumen ao labor **de formar á maior porcentaxe posible de poboación nestas sinxelas pero “vitais” e “solidarias” manobras.**

O obradoiro comezará cunha breve revisión bibliográfica sobre as iniciativas levadas a cabo para introducir o ensino do RCP no ámbito escolar e rematará cunha práctica da masaxe continua e o uso do DESA. Xustificarase a necesidade e conveniencia de formar o alumnado nesta materia e achegarase información acerca do programa *RCP na Aula*¹ e sobre os trámites necesarios para o rexistro do DESA no rexistro do Servizo de Urgencias Sanitarias.

¹ *RCP na aula* é un programa no que a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061 (FPUS-Galicia 061) forma como instructores de RCP-B a profesores de Educación Física para que estes formen o seu alumnado. La FPUS-061 expide certificacións dos cursos a petición dos profesores formados como instructores.